

Roteiro Tapa do cocido en Maceda

Páxina III




Mil rapaces disfrutan do EsquiOU en Manzaneda

Páxina IV



Melloras nas instalacións deportivas da Canuda

Páxina IX



Fallo xudicial favorece ao Concello sobre caso de Paramos

Páxina X



O mosaico romano de Panxón volve á casa

Páxina XII



32.000€ para a Oficina de Turismo de Oia

Páxina XII



Programas dos Entroidos de Interese Turístico en Galicia

Páxinas XIII a XV

Tui promociona o 800 aniversario da Catedral en FITUR

Páxina XI



Carnes a la brasa premium,
churrasco y menú del día
Completa la experiencia con nuestras
tapas tradicionales e inventadas

Tfnos. 604 089 757 / 988 782 028

Rúa Francisco Llorens Díaz, 17. O Couto . Ourense

DON PABLO
CARNES A LA BRASA

Horario:
martes a domingo
de 12:00 a 16:00
Martes a sábado
20:00 a 23:45

OURENSE

O PP demanda a ADIF máis prazas na estación intermodal

Os deputados do PP de Ourense no Congreso, Ana Vázquez, Rosa Quintana e Celso Delgado, rexistraron varias preguntas dirixidas ao Goberno, reiterando as xa formuladas o 5 de xuño de 2024 e nas que evidenciaban a saturación do aparcadoiro da estación intermodal de alta velocidade de Ourense, que impide que os usuarios particulares estacionen mentres hai un elevado número de prazas reservadas para as empresas de alugueiro de vehículos sen condutor.

Lembran os deputados que o 9 de setembro de 2024 a resposta governamental recoñecía literalmente a existencia de “in-



dices de ocupación elevados en determinados tramos”, aínda que dicía “non poñen de manifesto unha saturación continuada do aparcadoiro”. Ademais concluían dicindo que, “Adif-Alta Velocidade está a monitorizar, a través do explotador do aparcadoiro, a evolución do grao de ocupación do coa finalidade de solicitar a este que desenvolva as medidas de xestión

oportunas para optimizar o uso da instalación”.

Afirman os deputados que desde aquela resposta do Goberno pasaron cinco meses e a situación de saturación mantense en especial en determinadas franxas horarias. Mesmo no ano 2024 pechouse cun crecemento enorme dos viaxeiros usuarios da estación intermodal de alta velocidade de Ourense, factor que tivo repercusión no notable incremento da ocupación do aparcamento soterrado que con diñeiro público construíuse xustamente baixo a praza de acceso á estación.

Axudas para rehabilitación de vivendas no Pereiro

O último pleno do Pereiro de Aguiar aprobou por unanimidade a proposta do equipo de goberno para incluír no vindeiro orzamento, que se aprobará con toda seguridade no mes de marzo, unha nova liña de axuda directa a rehabilitación de vivendas situadas en nú-

cleos tradicionais e que posteriormente se destinen a vivenda propia ou alugueiro por importe máximo de 5000 euros a cada unha. Esta axuda, financiada totalmente con fondos municipais, é compatible coas de outras administracións.

Os detalles da súa concesión “serán materializados nunha or-

denanza que estamos a elaborar pero sen dúbida será unha medida que axude a que vivendas actualmente abandonadas dos nosos pobos recobren vida e sigamos medrando en poboación e será retroactiva as licencias outorgadas para rehabilitación dende o 1 de xaneiro deste ano”, segundo o alcalde.

Exposición en Viana do Bolo de materiais do entroido

A Asociación Robreda de Viana do Bolo prepara “O noso Entrudo, un cachicho de cada casa”, unha exposición sobre o entroido que se inaugurarán o día 17 de febreiro na sala de exposicións da Casa do Concello durante un mes.

Jorge Domínguez, membro do colectivo sinala que “o noso obxectivo é dar a coñecer o entroido e que estea presente na nosa localidade pero tamén en diferentes museos de España e Europa”. Este traballo iniciouse hai xa varios meses coa intención de “recuperar o que se facía antigamente a través de diferentes materiais como fotografías, máscaras e vestimentas”. “Con isto queremos que a xente poda ver ou traballo que hai detrás da nosa tradición e a historia da mesma”, engade Domínguez. “Levamos descubertas varias reliquias, nunca expostas previamente, que interesarán a máis dun, aínda que somos conscientes de que hai moito por descubrir aínda”, asegura.

Amais dos elementos principais da celebración como a comparsa,



Mostra do entroido na sala de exposicións do Concello vianés.

os foliones, a mula ou os boteiros, preténdese que haxa outros materiais de diferentes aldeas, como a patumada de Fornelos de Filloás, os bailarís de Vilameao e os boteiros antigos de Quintela do Pando.

O colectivo solicita a colaboración das persoas que teñan elementos de interese e lembran que “canto máis material haxa, mellor será a mostra”. Declaran ademais que se comprometen a coidar o material e devolvêlo nas mesmas condicións.

Desde Robreda, realizarán durante as próximas semanas un percorrido por diferentes centros educativos da provincia para dar a coñecer a tradición entroideira do municipio vianés e mostras as peculiaridades.

TABERNA A LAREIRA
Churrasco. Parrillada. Polbo.
Tfno 617 64 93 88.
Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.

A OFICINA
Bar de pinchos
Goza dun agradable ambiente e desconecta da túa rutina co mellor persoal degustando unha consumición.
988 31 80 83
Rúa Juan de Angas, 12
O COUTO (Ourense)

Santa
Rúa Greco, 6
O COUTO
Ourense

O Inocente
Taperia
Celebra o entroido con nós
Menú do día
Comidas e ceas para grupos
Comidas para levar
Rúa Velázquez, 11. Tfno. 988 616 554 O COUTO. (Ourense)

A Xunta aposta polo enoturismo en Valdeorras

Xosé Merelles, director de Turismo de Galicia, mantivo un encontro co novo presidente da Ruta do Viño e da Denominación de Orixe (D.O.) de Valdeorras, Marcos Prada. Fixeron un repaso da aposta da Xunta de Galicia polo enoturismo na comarca e tamén polos distintos programas de promoción nos que o Goberno galego vén colaborando desde hai anos.

Neste sentido, Xosé Merelles informou que está en marcha na zona un plan de sostibilidade turística en destino por importe de 1,5M€ con actuacións específicas en materia de dixitalización e impulso desta ruta do viño. Ademais, o director de Turismo de Galicia salientou que disintas adegas incluídas nesta entidade recibiron axudas da Xunta na convocatoria de proxectos turísticos de enogastonomía por importe de case 400.000 euros.

O director de Turismo de Galicia salientou ademais a importancia do enoturismo na estratexia do



seu departamento ata 2030 que se ratifica en produtos turísticos coma a 'Primavera de Portas Abertas' que cada ano está a incrementar o número de participantes precisamente ao redor da disintas rutas do viño. A de Valdeorras é unha das que tradicionalmente teñen participado.

Ademais, Xosé Merelles comentou a colaboración do Goberno galego na organización cada ano da BTT Ruta do Viño, unha proba deportiva que discorre polos concellos que forman parte desta

entidade e que ten coma finalidade fomentar o enoturismo como ferramenta impulsora do sector turístico a partir dunha marcha en bicicleta pola montaña que permite ao seu tempo coñecer outros valores turísticos coma a paisaxe, a natureza e a cultura da comarca de Valdeorras.

Ademais, repasaron outros eventos relacionados con este atractivo turístico como a celebración da Feira do Viño, a das Covas de Vilamartín de Valdeorras e tamén de Seadur (Larouco).

O BNG denuncia falla de orzamento no Programa das tarxetas moedeiro



O grupo parlamentario do BNG vén de rexistrar unha serie de preguntas dirixidas á Xunta de Galicia e relativas á xestión do Programa das tarxetas moedeiro e concretamente á incidencia que o mesmo está a ter no Concello de Ourense. O deputado Iago Tabarés, un dos autores da iniciativa, lembra que "no Consello Territorial de Servizos Sociais celebrado o 15 de decembro de 2021, acordouse por unanimidade retomar a aplicación do sistema de tarxetas moedeiro para que familias en situación de extrema vulnerabilidade con nenos, nenas ou adolescentes a cargo poidan adquirir alimentos e produtos de primeira necesidade".

Tabarés incide en que "as persoas beneficiarias poderán acceder de xeito directo a ali-

mentos frescos, alimentación infantil e produtos básicos de hixiene, nun programa que esencialmente é financiado con cargo a fondos europeos".

O deputado Tabarés, denuncia que "a realidade é que, segundo as informacións achegadas polo Concello de Ourense, a mediados de decembro, a máis de 70 familias de Ourense foilles denegada a solicitude de tarxetas moedeiro, sendo en máis dun 70% dos casos debido a falla de orzamento no programa" e engade, "xa que logo non é a inexistencia de necesidade ou de situación de vulnerabilidade a que determina ou determinou a denegación da tarxeta básica, senón a inexistencia de crédito de abondo para atender ás familias ourensás en situación de extrema vulnerabilidade".

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com



OURENSE

Mil rapaces da provincia disfrutan do programa EsquiOU en Manzaneda

O programa EsquiOU, unha iniciativa da Deputación para que nenos e nenas da provincia aprendan a esquiar na única estación de montaña de Galicia, Manzaneda, continúa o seu éxito coa segunda quenda de rapaces da provincia. Un cento de nenos das comarcas de O Ribeiro e O Carballiño iniciaron a súa aventura de esquí, piscina e xogos na estación de montaña, trala finalización da quenda dos menores de Celanova e Baixa Limia que xa gozaron das actividades do proxecto de promoción de ocio saudable.

Os rapaces disfrutaron dunha estancia de tres días e dúas noites, en réxime de pensión completa, dun curso de esquí e doutras actividades complementarias. Un total de 105 nenos forman parte desta segunda quenda, na que gozaron de piscina, xogos lúdicos en interior e exterior e ata un momento nocturno de ocio na discoteca da estación de montaña.

O programa EsquiOU reforzou este ano a súa aposta, superando por primeira vez a barreira das mil prazas (1.050), cubríndose



O programa rematará a finais do mes de marzo.

as quendas en apenas uns días. Ademais, tamén se apostou pola inclusión social, ao incorporar prazas para menores con discapacidade, unha novidade que tivo unha boa resposta das familias. O obxectivo é que estes rapaces poidan acceder ao deporte a diversión, sen barreiras de ningún tipo. O total de prazas está dividido en 10 quendas de 105 prazas cada unha.

A seguinte quenda foi para os

rapaces de Verín e Viana. Continuarán do 10 ao 12 de febreiro, Valdeorras; do 17 ao 19 de febreiro, Allariz-Maceda-A Limia; do 24 ao 26 de febreiro, Terra de Caldelas e Terra de Trives; do 3 ao 5 de marzo, Ourense; do 10 ao 12 de marzo, Ourense rural; do 17 ao 19 de marzo, segunda quenda da zona de Ourense e, por último, do 24 ao 26 de marzo, a segunda quenda de Ourense rural.

A Deputación intensificará a colaboración co Clúster da Lousa



Os colectivos pensan en organizar o Día da Lousa.

O presidente provincial, Luís Menor, mantivo unha reunión de traballo coa directiva do Clúster da Lousa, conformada polo seu presidente, Víctor Miguel Cobo Arias; o vicepresidente por Ourense, Daniel León; o xerente, Severino González; e Eliseo López como membro da xunta directiva.

No encontro abordaron a situación que vive actualmente esta actividade, así como a súa forte repercusión na provincia e en concreto na comarca de Valdeorras, pois xera 2.000 empregos directos e unha media de 4 indirectos por cada emprego directo.

Na liña da importancia social e económica deste sector, o pre-

sidente provincial comprometeuse a que a Deputación continuará coa colaboración que xa está consolidada co clúster, "onde ademais de axudar nos gastos de funcionamento e de xestión, tamén colaboraremos na promoción deste sector", explicou Menor, quen concretou que na reunión faláron da posibilidade de crear un "Día da Lousa" para darlle "un pulo que constituirá un factor de promoción novidoso en moitos eidos".

Menor recalcou que o compromiso da Deputación é firme con este sector estratéxico da economía provincial, e avanzou que haberá novos acordos de colaboración que serán anunciados en vindeiras datas.

a barbería
TAPERÍA

Especialidade en comidas caseiras
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

acouBAR

Comida tradicional galega
Especialidade: Cachopo.

Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

BAR FUENTEFRÍA

Callos
Empanadas
Afumados
Carnes
Queixos
Ensaladas
Clásicos

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

BAR ORELLAS

Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado. Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico. Queixo manchego e Arzúa.

Santo Domingo, 2
988 37 25 59 OURENSE

O Plan de Acción Comunitaria beneficia a oito entidades do Pereiro

Natalia Prieto, directora xeral de Administración Local, visitou a asociación veciñal, cultural e deportiva Calvelle, no Pereiro de Aguiar, unha das oito entidades beneficiarias do municipio polo Plan de Acción Comunitaria.

En concreto, estas axudas permitiron realizar melloras nos locais sociais e dotalos de novo equipamento nas asociacións de veciños de San Bernardo de Tibiás, Veiga do Loña, Cachamuíña, a parroquia de Cobas, Santa María de Lamela, Amigos de Monterrei-Pereiro e Mirasol, en Vilafermosa.

Prieto comprobou as actuacións realizadas na asociación de Calvelle, que inclúen a mellora da accesibilidade coa instalación dun itinerario adaptado na entrada e



Natalia Prieto co alcalde e membros da corporación municipal.

a creación dun aseo para persoas con mobilidade reducida. Tamén se renovou a cuberta do local e leváronse a cabo traballos de mellora nas fachadas, xanelas, interiores, pavimento e teito, así como nas instalacións de fontanería, electricidade, calefacción e

saneamento.

A directora xeral lembrou que ata o 17 de febreiro segue aberto o prazo para solicitar as axudas da convocatoria de 2025, cuxo orzamento se incrementou nun millón de euros ata alcanzar os catro.

Parada de Sil abriu nova oficina de turismo



Xosé Merelles Remy, director de Turismo de Galicia, visitou a nova oficina de turismo de Parada de Sil situada nas dependencias municipais remodeladas no último ano grazas a unha achega de Turismo de Galicia de 50.000 euros que cubriu case a totalidade da actuación, en total 50.287,82 euros.

Merelles puxo en valor este tipo de servizos así como o persoal que os atenden e que contribúen a que a actividade turística sexa cada vez máis importante para o desenvolvemento económico do territorio.

Referiuse aos últimos feitos públicos polo Instituto Nacional

de Estatística (INE) que falan de que a Ribeira Sacra foi visitada en 2024 por 161.440 viaxeiros, supoñendo un incremento de case o 21% con respecto a 2023.

Ademais, salientou incremento do 45,1% de viaxeiros internacionais que visitaron este destino o pasado ano e subliñou que "o segmento hoteleiro da Ribeira Sacra rexistrou máis de 305 mil noites, cifra que se sitúa como máximo da serie histórica". Isto fixo que a rendibilidade hoteleira medrase nesta zona o 12% en 2024. En total, Galicia recibiu a visita de 8 millóns de viaxeiros en 2024.

Plan Termal de Galicia 2025-2028

O Plan Termal de Galicia 2025-2028 foi presentado por Alfonso Rueda, presidente da Xunta, e por Xosé Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, no Teatro Principal da cidade das Burgas.

Este plan, deseñado para executarse durante esta lexislatura e que busca reposicionar a imaxe de Galicia como referente internacional do termalismo, "complementarase na súa capacidade transformadora co compromiso institucional e a cooperación pú-

blico privada, logrando así un destino cada vez máis competitivo, e sustentable, orientado ás necesidades de conexión coa natureza e benestar", explicou o presidente provincial, Luis Menor, durante a súa intervención no acto.

Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
Tfno 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Rúa Unión 2 . Tfno. 607 085 027 . Ourense

Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

PINCHOS Brochetas TOSTAS Raciones Ensaladas PLATOS VEGETARIANOS Y VEGANOS

Maria Tapas Bar

Rúa Unión 1
651 853 881

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Entendermos a liberdade de expresión

Como xa sabe o mundo todo, o socio hexemónico e CEO do Grupo META (propietaria da mensaxería instantánea WhatsApp e das RRSS Facebook, Instagram e Threads), Mark Zuckerberg, ven de eliminar os sistemas de fact-checking ou verificación “a posteriori” dos contidos das súas RRSS para disque- alargar substancialmente o ámbito da liberdade de expresión, esfarelando o sistema que establecera no 2016 para impedir as fake news e aliñándose inequivocamente coa X (antiga Twitter) do número dous oficioso de Donald Trump, Elon Musk e co propio presidente eleito dos USA, ao tempo que trasladaba os servizos de edición das súas RR.SS. da hexemonicamente democrata California á hexemonicamente republicana Texas. Ao tempo pedía a intervención da nova Administración Trump para salvar o seu grupo empresarial da nova regulación normativa dixital da Unión Europea (UE).

Coincide esta “rendición” de Zuckerberg coa ofensiva mediática, financeira e dixital de Elon Musk a prol das extremas dereitas europeas nos vindeiros procesos electorais, o que nos habería achegar unha idea da transcendencia desta grave diverxencia entre unhas e outras visións da liberdade de expresión. Velaí a importancia de entendermos sta liberdade e recoñecermos o seu perímetro e delimitación.

Vaia por diante que USA e a UE (en xeral non só os 27, senón os 46 Estados membros do Consello de Europa, que recoñecen a xurisdición do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos-TEDH- na interpre-



tación da Convención Europea de Dereitos Fundamentais e Liberdades Públicas de 1949-CEDH-) teñen distinta concepción da liberdade de expresión. Nos USA nunca é delicto queimar unha súa bandeira das barras e das estrelas, mais tampouco é delicto queimar unha cruz de lume no xardín ou na leira dunha persoa afroamericana-moitas delas prefiren o adxectivo black- A cultura xurídica USA e a xurisdición do seu Tribunal Supremo sacralizan a liberdade de expresión (freedom of speech) ao abeiro da súa First Amendment (primeira emenda á súa Constitución) e exclúen a posibilidade que existan delitos de odio. Só a apelación inequívoca e potencialmente eficaz á comisión certa e máis ou menos inmediata dun delito violento pode ser obxecto de represión penal. É un concepto negativo, que prohibe todo acoutamento desta liberdade, propio dun concepto individualista- libertario da li-

berdade de expresión.

Pola contra, a UE promulgou unha Decisión-Marco no 2008 para que todos os seus Estados Membros (EM) regulasen os delitos de odio como límites á liberdade de expresión, alicerzándose nunha xurisdición do TEDH que consideraba que as manifestacións máis graves do discurso do odio ou da discriminación contra persoas deses colectivos vulnerábeis ou historicamente discriminados non poderían alicerzarse nunca na liberdade de expresión e, xa que logo, poderían-e mesmo deberían-ser penalmente sancionadas. Todos os EM regularon despois a tipificación penal dos delitos de odio.

Xa que logo, no contexto da UE e do Consello de Europa, no que impera a xurisdición do TEDH, rexe un concepto comunitarista da liberdade de expresión, diferente do concepto USA. Velaí o artigo 20 da Constitución do Estado español (1978) que recoñece o dereito a recibir e transmitir libremente información veraz, limitando este dereito no dereito de todos á súa honra e imaxe e nos demais dereitos recoñecidos na Constitución, entre eles o capital dereito a non ser discriminadas as persoas susceptíbeis de selo, como membros de colectivos vulnerábeis e historicamente discriminados.

O propio artigo 20 da Constitución distingue entre o dereito de comunicar e recibir información veraz a respecto do dereito á libre difusión de pensamentos, ideas e opinións, a respecto da que non se fixa ese límite da veracidade. É dicir, fronte á libérrima expresión e difusión de opinións e ideas a libre expresión e difusión das informacións require do requisito da súa veracidade. Velaí a protección civil e penal do dereito constitucional á honra persoal e á privacidade ou os termos case absolutos do dereito de rectificación a respecto das

informacións que nos afecten.

No ámbito público a xurisdición norteamericana descoñece estas diferenzas europeas mais no ámbito privado (intracorporativo, p. ex. universidades, empresas, fundacións e asociacións), quizais como reacción á falla de control xudicial sobre a veracidade da información, desenvólvese un amplo control das opinións e informacións difundidas nese ámbito privado, que pode chegar até a chamada cancelación sen que a persoa prexudicada poida, en xeral, obter unha reparación xudicial, porque o libertarismo individualista da first amendment protexe tamén o dereito de regulación interna destas entidades corporativas.

Velaí as diferenzas entre a libre expresión de opinións e a libre expresión de informacións e mais as diferenzas de tratamento normativo e, sobre todo, xurisdicucional, entre o sistema xurídico USA e o europeo. Nas vindeiras semanas desenvolveremos no noso artigo Definirmos a veracidade das informacións a cuestión de se é conveniente algunha caste de fact-checking dos feitos obxecto de información e, no seu caso, se ha de se incorporar a priori ao mecanismo de edición do medio ou suxeito difusor ou realizarse a posteriori por terceiros, así como o desenvolvemento futuro da guerra mediática e política entre a desregulación USA que propoñen X e META fronte á nova normativa dixital da UE. Para rematarmos cunha terceira achega Alargarmos a liberdade de expresión no que analizaremos as chatas que aínda sofre a liberdade de expresión no Estado español (vgr. delitos de inxurias á Coroa, apoloxía do terrorismo e contra os sentimentos relixiosos e “lei mordaza”).



Por Nemésio Barxa

Cultura no rural

Desde tempos moços, e já porque o inculcaram meus pais, mestres republicanos, vivi em contato com a cultura e apaixonado polos libros, ao longo da minha vida formei uma importante biblioteca profissional (atualmente em grande parte obsoleta) e outra de temática diversa (pintura, literatura, filosofia, etc.) especializada em literatura e arte galega, portuguesa, espanhola e universal, arredor de 6.000 volumes, biblioteca esta que há tempo tinha decidido doar a uma biblioteca pública; ainda que algumas tinham mostrado seu interesse, ofertei em primeiro lugar á Biblioteca de Viana do Bolo, por motivos puramente sentimentais; o Pleno Municipal aceitou a oferta e plasmou-se a doação em escritura pública; não buscava nenhuma contraprestação, só a satisfação de que minha querida biblioteca



ficas e fosse de utilidade a meu povo de nascença.

Ainda que fixem algumas entregas parciais de libros, dada minha idade considerei que o mais prudente era realizar uma en-

trega inicial de a metade (uns 3.000 volumes e revistas) e assim o comuniquei ao Alcalde em janeiro do passado ano para que procedesse a organizar a retirada do seu emprazamento em Ourense; ainda que prometeu faze-lo de imediato deu largas e incluso chegou a cortar todo contato comigo, impedindo com esse proceder que seus vizinhos pudesse servir-se de esses livros. Passou o tempo, nem Alcalde nem sociedade civil vianesa deu o mínimo passo para a retirada dos livros pese a meus recordatórios e teve que, em dezembro do passado ano, contratar uma empresa para que, pola minha conta, retirasse e transportasse os livros á Biblioteca municipal de Viana do Bolo. Nenhum apreço nem consideração.

Minha tradição familiar e patrimonial é com o concelho de Pereiro de Aguar, lugar de Chaodarcas, e ao Sr. Alcalde ofertei igualmente, á sua escolha, fora da doação anterior ou duplicados, vários livros de es-

pecial interesse, sem obter nem a cortesia de uma resposta.

Entre meus livros há um muito particular, pouco mais de um opúsculo encadernado e de finais do S. XIX que relata a detenção em Portugal (Porto) de um guerrilheiro carlista, sua condução até Celanova e sua execução em garrote vil no cárcere celanovense, assim como o texto da carta que escreveu na última noite para sua mulher e filho. Pareceu-me interessante documento para o Concelho de Celanova. Ofertei-lo a seu Alcalde que não teve nem a elegância de uma resposta.

Estas três anedotas deram-me a medida da indiferença e desleixo da cultura no rural, em mãos de Alcaldes para os que a cultura não se traduz em votos.

Quinta do Limoeiro, janeiro 2.025



Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Esquecer trae consecuencias

Que cousas! Parece que a historia volve xogar connosco. Parecemos monecos movidos polos fíos do tempo. Os tempos, ben sabemos, son elásticos e permítense regresar, no medio doutras circunstancias, mais regresan. Serán longos tempos de monumentais monstruosidades. Veremos como os cabalos se volven aos indios. Preconizanse densuras, fronteiras, torturas, tormentos, mentiras, falsidades. E a xustiza polo chan, novamente volven a campar ás súas anchas os delincuentes. Impunes e en postos de poder, de total solvencia.

Semella que a maldición perversa de esquecer, regresa en forma de feitos, de feitos novos que acontecen por ter perdida memoria, por non aprender debidamente do noso pasado. O que sucede, porque xa empeza a suceder é de tolos. Mira por onde, seica foron os americanos -iso conta a historia e diso presumen alá- os que liberaron Europa do nazismo, a quen se lle conte! E agora veñen facendo gala daquela ideoloxía fascista e mesmo empregando os saúdos que empregaban, estendendo o brazo e con cara de perversa vinganza que aniquila a toda a xente que loita por



erguer do chan, que escape da persecución, que pelexe pola dignidade. Ben pensado é o colmo da tolemia, mirando para eles e vendo os signos que os definen, as caras enfermizas e mentalmente derivadas que poñen perdoándonos a vida a todos os demais. Crese deuses, seres superiores capaces de alterar a orde mundial, con castigos, con penalizacións a quen non bailen ao seu son, a quen non coree as súas voces berradas na ordenanza dos medos e as ameazas. Carecen de sentimentos, son

duros de carácter e de aí que non entendan a beleza da diversidade, nin sequera a tenrura do amor cara aos demais, da empatía necesaria para emprender tempos novos, moito máis abertos e de todos. Non, aos demais enténdennos parias do deserto, perdidos nas nosas miserias mentres eles moven os fíos do gran teatro do mundo.

O certo é que a nós trocáronnos o ritmo e as velocidades, mesmo os latexos dos corazóns. De momento tempos a preocupación das imaxes, a preocupación dos movementos sociais, das armas que ser reviran á razón e ao dereito. Veñen armados até os dentes. Queren guerra e aranceis, queren que “todo o mundo” pague por ser amigos deles ou senón, que se atean ás consecuencias. As consecuencias sempre serán malas, con esta xente, porque en realidade son seres malignos de por sí, que viven a costa dos demais e por riba dos demais, que emporían todo facendo que todo se cuantifique en dólares e submisas moedas os novos mercados do mundo, sexa polo seu lado ou sexa polo lado chino. Para nós é un pesadelo todo isto, estabamos medianamente tranquilos, algúns tamén felices a

voltas cos soños. Si, soñando horizontes novos e novas liberdades, mesmo na consecución de novos dereitos igualitarios, desa xustiza que nos seguise igualando e amparando dos abusos. Mesmo repoñéndonos da propia historia, errada tantas veces. Agora eles personifican o abuso e farán gala del, serán abusadores e “democráticamente” elixidos. Anque non sexan donos do mundo, farán coma que o son. De momento comezaron nesa contradición de volverse tan fascistas como aqueles nazistas de outrora, os que combateran e que aínda ecoan en ruídos brutais e barbaridades, os que tanto mal fixeron a tanta xente, os dos campos de exterminio, os dos fornos crematorios, os dos campos de concentración, aqueles mesmos de experimentos para a morte e o terror. Os do espanto e arrepío, os do pánico e pavor. Aí están, veñen de novo e queren acabar con todo aquilo no que, máis ou menos, cremos nalgún momento aínda sendo moi mellorable. A historia volve xogar connosco desde os elásticos tempos que se permiten regresar, noutras circunstancias pero regresan. Que mágoa. Canto tempo perdido!



Por Xoán Carlos Caballero

Víctor Freixanes en Pontearreas/Puenteareas

No Concello de Pontearreas, somos un exemplo de convivencia entre a veciñanza. “Non somos carcas que estamos todo o día coa guerra do avó e as fosas”, que diría Pablo Casado, “nin falamos de Franco porque non estamos amargados e ademais danos moita pereza”, Feijoo dixit. E si, as veces tamén pensamos, como dicía Rafael Hernando, que “algúns acordáronse do seu pai cando houbo subvencións para atopalo”. Cremos que as barbaridades cometéronse nos dous bandos, por iso entendemos que Rajoy alardeara, con orgullo, que nos seus presupostos a “media destinada á Memoria Histórica era cero”. Para que cavar nas cunetas podendo facer máis ancha a estrada, botándolle por riba unha boa capa de chapapote. Asfalto para impermeabilizarnos do pasado avanzando cara o futuro. Por outra banda, non



convén que nos pasemos de frenada e permitamos que as nosas rúas leven os nomes de personaxes “siniestros” como Pilar Bardem, Largo Caballero ou Indalecio Prieto. En Sevilla, a rúa da sevillana Pilar Bardem, converteuse en Nuestra Señora de las Mercedes como recoñecemento ás milagres da Virxe, das que dan fe multitude de testemuñas pertencentes a nada sospeitosa Hermandad de Santa Genoveva.

Un de tantos exemplos de que no Concello de Pontearreas pasouse páxina do

acontecido no pasado, para “non reabrir as feridas”, é a sinatura que deixou no libro de honra do noso concello Víctor Freixanes. Este insigne persoeiro galego achegouse a nosa vila para participar

nunha charla coloquio sobre a figura do Fresco, empresario socialista que tivo que agocharse nos montes, do húmido e frío inverno do 36, para evitar que os falanxistas acabaran co el. Desgraciadamente os mozos de camisa azul conseguiron abatelo na Noiteboa dese ano.

No acto celebrado na Casa do Concello, tivo lugar un momento realmente emotivo. Ver como un falanxista entrega un agasallo a un escritor que narrou un relato biográfico sobre un asasinado polos propios falanxistas e que o escritor teña a xentileza de adicarlle unhas palabras amables ao falanxista, é algo que me conmove. Emocióname ver a Víctor Freixanes, Presidente da

Real Academia da Lingua Galega, aceptando un recoñecemento de mans de aqueles que coas súas políticas e coa súa permanente denuncia da imposición do galego na propia Galicia, conseguiron que a lingua se atope na situación actual.

Este acto na vila na que naceu o bilingüismo cordial, (lembremos que aquí habitábase no Ayuntamiento de Puenteareas e no Concello de Pontearreas ao mesmo tempo e sen necesidade de desprazarnos), pobo no que se levantou un monumento ao Xefe do Estado máis lonxevo do século XX despois de morrer, fixemos e seguimos a facer borrón e conta nova mirando ao futuro sen rancor. Tanto é así que os que colocaron ao Caudillo na Praza Maior e os que logo o mantiveron ata o século XXI, son os mesmos aos que volvemos a votar nas últimas eleccións. Normalidade democrática.



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

OPINIÓN

Fito Álvarez

Marrocos expulsou a máis de 307 profesionais de dereitos humanos do Sahara Occidental

Unha investigación conxunta de LPPS e AFASPA revela a sistemática expulsión de xornalistas, avogados e activistas internacionais que investigan violacións do dereito internacional humanitario no Sahara Occidental.

Segundo un recente informe publicado pola liga para a Protección dos Dereitos Humanos de Presos Políticos Saharauís (LPPS) e a Asociación Francesa de Amizade e Solidariedade cos Pobos de África (AFASPA), polo menos 307 profesionais da información, avogados e activistas de dereitos humanos foron denegados ou expulsados do Sahara Occidental polas autoridades marroquís desde 2014. Estes profesionais, provenientes de 21 países repartidos en 4 continentes, buscaban investigar violacións do dereito internacional humanitario no territorio ocupado.

O informe detalla que, desde 2014, Marrocos non permite o ingreso de observadores estranxeiros ao Sahara Occidental. En cifras reveladoras, destácanse 85 ex-



pulsións realizadas en 2016, 68 en 2017 – incluíndo a deputados europeos –, 53 en 2014 e 34 en 2019. Ademais, rexistráronse polo menos 19 casos nos que persoas foron expulsadas desde Marrocos mentres se atopaban en tránsito cara ao territorio ocupado ou durante investigacións relacionadas coa situación dos dereitos humanos.

Entre as últimas accións, destácase a intervención das autoridades marroquís o

pasado xoves, cando impediron que un grupo de parlamentarios vascos accedese ao Sahara Occidental. Estes lexisladores pretendían avaliar a situación no territorio, recoller testemuños sobre as violacións sistemáticas de dereitos humanos e denunciar a explotación de recursos naturais, ademais de tentar romper o bloqueo mediático imposto na zona.

O documento tamén denuncia a expulsión ou prohibición de acceso a Marrocos de sete organizacións non gobernamentais internacionais, entre as que se atopan Human Rights Watch, Novact, Avogados sen Fronteiras, Friedrich Naumann Stiftung, Amnistía Internacional, Fundación Carter e Free Press Unlimited.

A situación agrávase aínda máis pola falta de acceso que ten a Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos (ACNUDH) ao Sahara Occidental, logo de nove anos de espera por unha autorización das autoridades marroquís. No seu último informe sobre a situación na rexión, o Secretario Xeral da ONU, Antonio Guterres, expresou a súa preocupación ante a “persistente” imposibilidade de contar cun seguimento independente, imparcial e regular dos dereitos humanos no territorio.

Guterres destacou que a carencia de acceso a información de primeira man

prexudica a avaliación integral da situación de dereitos humanos, mentres o ACNUDH continúa recibindo reportes sobre restricións, intimidación e acoso contra activistas saharauís que defenden o dereito á autodeterminación. A Misión das Nacións Unidas para o Referendo do Sahara Occidental (MINURSO) segue sendo a única misión de mantemento da paz na zona sen un mecanismo de vixilancia dos dereitos humanos, o que contribuíu ao agravamento das violacións na rexión.

A pesar do bloqueo militar e mediático imposto por Marrocos, a resistencia saharauí segue despertando o interese internacional. Desde 2002, segundo indican LPPS e AFASPA, defensores de dereitos humanos, xornalistas, avogados, directores, sindicalistas e amigos do pobo saharauí han arribado á rexión co obxectivo de documentar as condicións de vida e a resistencia pacífica ante o que describen como unha represión colonial.

O informe pon en evidencia a estreita relación entre as medidas de expulsión e o intento de silenciar calquera forma de denuncia sobre a situación dos dereitos humanos no Sahara Occidental, abrindo un debate sobre a necesidade de garantir o acceso á información e a protección dos dereitos fundamentais en territorios en conflito.

Carta ao Director

A Seguridade Cidadá en Galicia

Nos últimos tempos asistimos a través dos medios a un alarmante incremento de actividades delictivas nas zonas rurais de Galicia e nas vilas o marxe das cidades.

Incluso asistimos nos medios públicos galegos ás constantes queixas da cidadanía galega pola inexistencia de seguridade cidadá.

Ata creo que estas queixas son visibles nos medios públicos ó non ser a seguridade cidadá competencia da XUNTA DE GALICIA; a pesar de levar anos aprobada a Lei de creación da POLICÍA DE GALICIA.

En cambio o goberno galego está máis cómodo sen asumir esa competencia e estar afastado do posible desgaste político

que lle acarrearía.

Con todos os respetos a GARDA CIVIL coas competencias de seguridade cidadá nas zonas rurais e visible que esa seguridade e inexistente o estar dous axentes de servizo por quenda por cada comarca e na maioría sen corpos da POLICÍA LOCAL por non rebasar os concellos os 5.000 veciñ@s ou pola negligencia dos gobernos locais como nos casos de PONTEAREAS e SALVATERRA DE MIÑO. Este último concello a pesar de rebasar os 11.000 veciñ@s só conta con tres axentes locais sen ningún mando a fronte. Incluso un dos axentes sen a preceptiva formación na ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA.

Asímesmo a GARDA CIVIL na mencionada

localidade miñota non presta servizo ás 24 horas o mesmo que sucede en A CAÑIZA, ARBO, A GUARDA e TOMIÑO.

A situación en PONTEAREAS non está moito mellor ó estar en servizo un único axente da POLICÍA LOCAL por quenda incluso en horario nocturno ou as veces ningún. En consecuencia todo o asume os dous únicos axentes da GARDA CIVIL por quenda de servizo ós efectos da comarca do Condado.

Incluso e constatada a regulación do tráfico no centro urbán da vila ponteareana pola GARDA CIVIL e sen os dispositivos reflectantes pola súa propia seguridade de tod@s como na cabalgata dos magos de oriente organizada polo CONCELLO DE PONTEAREAS no presente ano.

A vista da entrevista o concelleiro pon-

teareano de seguridade cidadá publicada nese medio en XAN.2025; en principio amosa coherencia coa problemática da que e máximo responsable. Agora só e necesaria vontade ata chegar ós 23 axentes locais que o municipio ponteareano precisa.

Un bo exemplo de seguridade cidadá está no CONCELLO DO PORRIÑO con un servizo eficiente da POLICÍA LOCAL ata dotados con un DESA e baixo un inspector a fronte.

Non obstante e necesaria a creación e despregamento da POLICÍA DE GALICIA coincidindo plenamente con cadernos de viaxe por Xoán Antón Pérez-Lema publicado nese medio en xaneiro de 2025.

En cambio esa decisión semella unha utopía nos vindeiros anos.

Xosé Carlos Repesas Domínguez
76.894.904-Q

AS TAPAS GALEGAS DE TODA A VIDA

PETISQU'EIRA
Rosalia de Castro, 62 - Telf: 639 244 940
SALVATERRA DE MIÑO

TRAGA D'EIRA
Santa Ana, 3 - Telf: 694 416 706
BOUZAS - VIGO

Bodegón

SALVATERRA DE MIÑO

Melloras nas instalacións deportivas da Canuda

O Concello de Salvaterra de Miño ven de presentar a través do II Plan de Infraestruturas deportivas un proxecto de máis de 139.000 euros, co fin de seguir mellorando os equipamentos deportivos do municipio, actuando na pista poli-deportiva para fútbol sala e baloncesto, nas pistas de tenis e na zona de Skate Park.

Nestes meses estanse a executar obras de mellora nas instalacións deportivas do Casal e no Campo de Fútbol do Oural en Fornelos, e proximamente realizaranse as obras de modernización e eficiencia no Campo de Fútbol An-



tonio Bernárdez Gándara – Dextros. de 1.000.000€. En total unha inversión de preto

Plan +Provincia contratará a 17 persoas

O Concello de Salvaterra ven de solicitar, a través da liña 3 de emprego do Plan Máis Provincia 2025, da Deputación de Pontevedra, a contratación de 17 persoas por un im-

porte de máis de 222.000 euros. Os postos serán de peón forestal, conductor de camiión, peón de limpeza, varredor, fontaneiro, axudante de recollida de basura, oficial albanel, informador turístico,

bibliotecario e cobrador. A pretensión do Concello é empezar a cubrir os postos a partires de marzo paulatinamente, xa que as prazas van dende os 10 meses ata os 4, dependendo do posto.

Aberta a inscrición para o Enterro da Lamprea

O Concello de Salvaterra abriu o prazo de inscricións para o Enterro da Lamprea que se celebrará o 8 de marzo. O prazo vai do 22 de xa-

neiro e ata o 10 de febreiro para todos aqueles que queiran participar como comparsa ou carroza. Só se poderá inscribir unha comparsa ou carroza por asociación

ou persoa, con modalidades entre 20 e 25 participantes e unhas dimensións mínimas de 5 m de largo. Os premios a participación oscilarán entre os 100 e os 600€.

CICLO CINE DE INVERNO
SALÓN DA CASA CULTURA 2025
 Do 1 de Febreiro ao 2 de Marzo

CONCELLO SALVATERRA DE MIÑO

Sábado 1 de Febreiro- 22:00H
AS NEVES

Domingo 2 de Febreiro- 17:30H - Cine Infantil ++
LA PATRULLA CANINA: LA SUPERPELÍCULA

Sábado 8 de Febreiro- 22:00H
LOS TRES MOSQUETEROS: MILADY

Domingo 9 de Febreiro- 17:30H - Cine Infantil ++
WISH: EL PODER DE LOS DESEOS

Sábado 15 de Febreiro- 22:00H
O CORNO

Domingo 16 de Febreiro- 17:30H - Cine Infantil ++
TROLLS 3: TODOS JUNTOS

Sábado 22 de Febreiro - 22:00H
ME HE HECHO VIRAL

Domingo 23 de Febreiro - 17:30H - Cine Infantil ++
WONKA

Sábado 1 de Marzo - 22:00H
AQUAMAN Y EL REINO PERDIDO

Domingo 2 de Marzo- 17:30H - Cine Infantil ++
MIGRACIÓN, UN VIAJE PATAS ARRIBA

ENTRADA DE BALDE

Asesoría Técnica Agrícola
AGROVITIS

Telfs.:
 Oficina: 986 642 507
 Pancho: 616 940 394
 Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
 Dello Rodríguez nº4 baixo
 36860 Pontearreas
 agrovitis@agrovitis.es
 www.agrovitis.es

CRISSEL
 CONGELADOS

Abrimos de 9:00 a 20:30h

Merluza austral de a bordo!

Rúa Ciclista Emilio Rodríguez, 1, baixo.
 Telf: 672 805 235 - Pontearreas

CENTRO DE ESTUDIOS
TIZAS

VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO
 PONTEAREAS - ISABEL 639 33 45 53

CERRAJEROS
 Y MULTISERVICIOS HOGAR
O REMENDÓN

637 764 865
 www.cerrajeroremendon.es

24h.

ELECTRICIDAD
 IN.M.A.C.
CONDADO S.L.

Calefacción eléctrica
 Instalaciones y montajes eléctricos
 Servicio de averías y mantenimiento 24 horas

Telf: 986 658 207 -651 860 155 - 651 860 185
 Pol. industrial Chan da Ponte
 36450 - SALVATERRA DE MIÑO

LA OJIVA
 ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño
 Telf: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

BAIXO MIÑO

TUI

Fallo xudicial favorece ao Concello sobre explosión en Paramos

O Ministerio do Interior deberá aboar 1.276.709,34€ ao concello de Tui en concepto de axudas polas obras do desentullo e desamiantado do barrio da Torre, en Paramos, tras a explosión rexistrada en maio de 2018. Así se recolle na sentenza da sección Quinta da Audiencia Nacional que fallou a favor do Concello de Tui no recurso contencioso administrativo interposto polo consistorio.

O Concello, tras a declaración do municipio coma zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, presentara dúas solicitudes de axudas ante



o Ministerio. A primeira en xuño de 2018 solicitando unha axuda de 389.087,28 €, que fora aprobada, e outra en marzo de 2019 por importe de 887.622.06 € que

foi denegada ao considerar que non eran actuacións "inaprazables", decisión que foi recorrida polo Concello, a quen agora a Audiencia da a razón.

Colaboración con ACOUGO

O Concello de Tui e ACOUGO, a Asociación Galega de Familias de Acollida, dan os primeiros pasos para a sinatura dun convenio entre ambas entidades para visibilizar o traballo desta asociación e dar a coñecer a situación dos menores en centros de acollida e apoiar ás familias tudenses que desexen ser familias acolledoras.

No mesmo abordaron o programa "Contigo Florece" que ten por obxectivo xerar conciencia de cultura de acollemento, capa-



citar ás persoas participantes e axudar ás familias acolledoras a

prever e tratar as dificultades derivadas do acollemento familiar.

Solidariedade cos libros e calendario da Eurocidade

O Concello de Tui fixo entrega a SOS Tomiño Baixo Miño de preto de 300 unidades de alimentos recollidos en dúas iniciativas solidarias desenvolvidas ao longo das

últimas semanas, sendo estas o Mercado Solidario de Libros e, co apoio da Eurocidade Tui-Valença, coa edición do seu calendario con preto de 200 os alimentos recollidos.



Loito polo pasamento do concelleiro Xosé Martínez Tato

O Concello de Tui declarou o 29 de xaneiro un día de loito oficial polo pasamento do concelleiro Xosé Martínez Tato aos seus 70 anos. Era membro da corporación municipal dende o ano 2013 formando parte do grupo municipal do BNG. As bandeiras da casa do concello ondearon a media asta. Tato destacou sempre polo seu compromiso e implicación en moí diversos ámbitos.



Tui honra ás vítimas do Holocausto



O Concello sumouse ao recordo no Día Internacional en Conmemoración da Memoria das Vítimas do Holocausto o 27 de xaneiro co acendido de seis candeas en lembranza das vítimas da Shoá. Ese día conmemórase o 80º ani-

versario da liberación, en 1945 polas tropas soviéticas, do campo de concentración e exterminio nazi de Auschwitz-Birkenau. Con este acto, Tui súmase ás actividades que promove a Rede de Juderías – Camiños de Sefarad nesta xornada.

Grupo de WhatsApp para comunicación

O Concello de Tui ven de crear un grupo de WhatsApp para comunicación na que se envían aos contactos as notas de prensa,

aviso e previsións de intereseConcello igualmente seguirá a utilizar o enderezo electrónico para o envío de información.

LA GRAN MANZANA
CAFÉ & HELADERÍA
Paseo de Calvo Sotelo, 31. Tui

Cousiñas
TIENDA DE REGALOS Y SOUVENIRS
R/ Ordóñez, 14 baixo - TUI

GL3
Muebles, descanso y decoración
Calle Orense, 4 - 36700 - TUY
Tlf: 986 60 30 54 - 639 83 86 72

TUI

Tui promociona o 800 aniversario da Catedral en FITUR

O alcalde tudense Enrique Cabaleiro, e a concelleira de Turismo, Ana Núñez desprazáronse a Madrid para participar en FITUR e promover a conmemoración do 800 aniversario da Catedral este 2025 no marco da campaña "Para Lembrar" do Xeodestino Galicia Suroeste.

Cabaleiro e Núñez mantiveron reunións con Cesáreo Pardal, presidente do Clúster de Turismo de Galicia, e con Turismo Porto e Norte para abordar un proxecto vinculado co patrimonio xudeu entre Galicia e Portugal. Tamén asistiron á presentación da campaña "Cando volves" da Deputa-

ción de Pontevedra.

Alianza estratéxica

O alcalde reuniuse ademais en FITUR co CEO do grupo Tui, Sebastian Ebel, empresa con sede en Alemaña, coa finalidade de iniciar unha alianza entre ambas entidades para a promoción turística e patrimonial da cidade que frutificara esta primavera coa presentación dun avión co nome de "Cidade de Tui", por parte da compañía internacional. Nese sentido, Cabaleiro tamén se reuniu coa secretaria de Estado de Turismo, Rosario Sánchez Grau.

Ademais, o Alcalde e a concelleira de Turismo, Ana Núñez, reu-



níronse coa directora de Paradores, Raquel Sánchez, e co secretario xeral, Ricardo Mar, logrando o compromiso desta entidade para a difusión, a nivel nacional e in-

ternacional, dos actos conmemorativos do 800 aniversario da Catedral de Tui, que terán lugar entre novembro de 2025 e decembro de 2026.

Destino Turístico Inteligente

En FITUR 2025, o alcalde e a concelleira de Turismo, reuníronse co presidente de SEGITUR, Enrique Martínez Marín e co xerente de I+D+i, Luis Javier Gadea, para iniciar o proceso para lograr o distintivo de Destino Turístico Inteligente.

Tui promove a súa situación estratéxica coma territorio transfronteirizo e entrada a Galicia do Camiño Portugués a Santiago, ao tempo que o Alcalde expuxo que o municipio conta coa Axenda Urbana, e é beneficiario dun Plan de Sostenibilidade Turística en Destino.

O VIII Centenario da Catedral de Tui quere ser de Interese Público Excepcional

A Comisión Organizadora do VIII centenario da consagración da Catedral de Tui reuniuse para amosar o seu apoio á declaración deste evento como Acontecemento de Excepcional Interese Público, o que podería fomentar a participación do sector privado nesta conmemoración grazas a incentivos fiscais. A súa aprobación será sometida a pleno municipal en marzo para poder presentar esta solicitude ante o Ministerio de Hacienda.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, presidiu a reunión na que participaron o deán da Catedral, José Diéguez Dieppa, as concelleiras de Cultura e de Turismo e



representantes da delegación territorial da Xunta e do Goberno en Pontevedra, a Comissão de Coordinación e Desenvolvemento Re-

gional do Norte, a Deputación de Pontevedra, Cámara de Comercio, a AECT Galicia – Norte de Portugal e a Zona Franca de Vigo.

Reforma urbanística para rehabilitar a antiga Alfândega



A recuperación da contorna da antiga Alfândega na Avenida de Portugal, a carón da vella Ponte Internacional, vén de dar un paso importante ao culminar o proceso de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal neste punto, iniciado polo Concello de Tui a instancias da Cámara de Comercio.

Con este visto e prace complétase unha longa tramitación que permitirá rehabilitar un inmoble histórico por parte da Cámara de Comercio para albergar a súa sede, así coma reorganizar urbanisticamente a zona. Todo isto permitirá "mellorar notablemente a imaxe da entrada a Galicia desde Portugal".

Concerto 13º aniversario da Eurocidade

A Eurocidade Tui-Valença conmemora o seu 13º aniversario cun evento musical que reunirá vindeiro 15 de fe-

breiro ás 21h ES no Teatro Municipal de Tui a catro formacións de ambos lados do Miño: a Banda de Música Popular de Tui, a Asso-

ciação Musical de São Pedro da Torre, Old Bridge Band e o Conservatorio de Música Profesional de Tui.

mp MARPI

Pisos Casas Solares Vendas Compras Alugueres

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

RESTAURANTE

O Vello Cabalo Furado

R/ Seijas, 2 -baixo. 36700 TUI. Telf: 986 603 800

O Tunel
apas
Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

Seguridade para a Arribada

O Alcalde de Baiona, Jesús Vázquez Almuíña, presidiu a Xunta Local de Seguridade para afinar detalles sobre o Plan de Autoprotección da Festa da Arribada a celebrarse os días 28 de febreiro e 1 e 2 de marzo.

O plan pretende a coordinación entre a Garda Civil, de Tráfico e de Mar de Baiona, O Porriño e Vigo; Policía Local de Baiona e Protección Civil e Persoal de Emerxencias da Xunta de Galicia. Haberán Punto Violeta contra a violencia de xénero, Hospital de Campaña no Porto Pesqueiro e reforzos de trans-



porte coa empresa LUGOBE.

Por outra banda, o Concello instalou tres marquesiñas escolares en colaboración coa Deputación

de Pontevedra na EP-2204 Sabarís - Belesar; na EP-2203 Baredo - Loureza; na EP-2202 Baiona - Loureza; e no ES Primeiro de Marzo.

O mosaico romano de Panxón volve á casa

O Concello de Nigrán e a Asociación pola Repatriación do Mosaico presentaron a valiosa peza, que vai quedar exposta a partir de febreiro.

Hai 1.800 anos o mosaico estaba no chan da vivenda dun veciño galaicorromano de Panxón. Acabou aparecendo no século XIX. Despois encaixárono nunha mesa feita a propósito para preservalo. Volveu botar anos perdido ata aparecer no 2000 nunha poxa en Madrid. Adquiriuno unha galería de Nova York. Alí, de casualidade, atopouno



á venda un veciño de Nigrán. Para 58.000€, dos que 40.000 foron recupéralo, a Asociación xuntou achega do Concello.

32.000€ para a Oficina de Turismo de Oia

O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, visitou xunto á alcaldesa de Oia, Cristina Correa, o resultado das obras de mellora da accesibilidade da oficina de turismo de Oia. As obras, que contan cunha achega da Xunta duns 32.000€, permitiron a creación de novo mobiliario e mellora dos elementos de sinalización, información e iluminación. Cabe destacar que nos últi-



mos cinco anos a Xunta concedeu axudas dentro desta liña ao concello de Oia por máis de 185.000€.

Impulso á fase 2 do Polígono Industrial da Pasaxe



O delegado da Zona Franca, David Regades, e o Alcalde de Gondomar, Paco Ferreira, certificaron o impulso á Fase 2 do Proxecto Sectorial do Polígono da Pasaxe, que financiará o Consorcio con 16M€ en tres anualidades para

o desenvolvemento de 400.000m2 de novo solo industrial e dar resposta á demanda de tecido empresarial e emprego. O proxecto asinarase no primeiro trimestre deste ano. O Consorcio tamén comercializará as parcelas.

Nova axente de Policía Local



O Alcalde da Guarda, Roberto Carrero, recibiu na Casa do Concello á

axente Isabel Buján como nova incorporación á plantilla da Policía Local.

Inglés para atención ao peregrino

Do 3 de febreiro ao 11 de marzo, o Concello de Nigrán ofrece un curso gratuito de inglés ao sector hostaleiro para mellorar a atención ao peregrino. A formación estará

dirixida pola Academia Active Projects tras analizar 28 locais hostaleiros e resultar que en ningún deles existía ningún tipo de comunicación en lingua estranxeira.



**GASOLEOS
TEA S.L.**

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61





Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-38-000038

PONTEAREAS
rúa senén canido, 4

PROGRAMAS DOS ENTROIDOS DE INTERESE TURÍSTICO

O Entroido en Galicia é para vivilo

En Galicia, o Entroido é tradición, patrimonio, gastronomía e festa. Dende Laza ata Foz, os “personaxes”, os Xoves de Comadres, as filloas e o cocido, a foliada e o “enterro da sardiña” enchen a xeografía galega, principalmente de Ourense, preservando ese acervo que forma parte da súa identidade e que tanto atrae a quen ven a vivir esta experiencia única. A continuación presentamos a programa-

ción de once festas de Entroido que son consideradas de Interese Turístico tanto internacional, Xinzo de Limia, como nacional, Verín, ou de Interese Turístico de Galicia, Ulla, Cobres, Viana do Bolo, Maceda, Manzaneda, Vilariño de Conso, Laza, Foz e Marín.

+info no QR:
turismo.gal



XINZO DE LIMIA

Festa de Interese Turístico Internacional
Sábado, 8 (Sábado do Petardazo)

21:00 h: Praza de San Roque. Previo petardazo con Jackloops, Lethx Sound, Muñños e John Chstr

23:00 h: Comezo da festa na praza Carlos Casares. Actuación A Gramola Tour Truck

00:00 h: Petardazo de inicio do Entroido.

00:10 h: Pasarrúas con Xituma Batuke e Achicoria, turnándose ate as 03:00 h

00:20 h: A Gramola Tour Life

00:30 h: Praza de San Roque: Jay Rodric (intro), La Vera Notte e Dani Rodríguez

Domingo, 9 (Domingo Fareleiro)

16:30 h: Saída dende o Museo Galego do Entroido do carro coa fariña

17:00 h: Farelada na Praza Maior.

Sábado, 15 (Colgamento do Meco)

Entre lusco e fusco, o Meco percorrerá o casco vello dende o Museo Galego do Entroido ata a praza de Oriente, acompañado de toda a comitiva do Entroido.

18:00 h: Pasarrúas do Folión dos Charelos da Veiga.

19:30 h: Praza de Oriente: Comezo da procesión do MECO ata a Praza Maior.

21:00 Concerto con “Vai Rañala Meu” e “Zurrumalla” na Rúa Curros Enríquez.

Domingo, 16 (Domingo Oleiro)

Durante todo o día música e animación a cargo de “Tarde Piaches”, “Lirolaio”, “Os da Pedra Alta”, “Os Jalos d’Antioquia” e “Aimil”, por rúas e prazas

12:00 h: Saída dende o Museo Galego do Entroido do carro coas olas.

12:30 h: Oleiro Infantil na Praza Maior.

16:30 h: Saída dende o Museo Galego do Entroido do carro coas olas

17:00 h: Oleiro na Praza Maior e rúas do casco vello.

*Agradécese aos participantes do Colgamento do Meco e do Oleiro que porten vestimentas do estilo á primeira metade do s. XX.

Sábado, 22 (Sábado de Corredoiro)

19:30 h: Xuntanza de disfraces e grupos de disfraces para iniciar o baile de corredoiro coa orquestra “Los Players” (1º pase)

22:00 ata altas horas animarán as Charangas “Sound Band” e “Élite”.

00:00 h: Praza de San Roque. Baile de disfraces con “Los Players” (2º pase)

Domingo, 23 (Domingo de Corredoiro)
Primeiro día no que as PANTALLAS saen á rúa no Entroido 2025

12:00 h: Museo Galego do Entroido: Xuntanza de Pantallas e grupos de Pantallas para posteriormente chegar todas xuntas ata a Praza Maior pola Rúa Dous de Maio e Avenida de Madrid.

12:00 h ata a noite turnarase as charangas “Élite” e “Sound Band”.

Venres, 28 (Venres de Entroido)

11:30 h: Gran Desfile Infantil polas principais rúas, acompañado por charangas e de grupos de animación.

18:00 h: Animación infantil na Praza Maior

21:00 , 23:00 e 01:00 h: Charanga “Louband” na Praza Maior

21:00 h: Pasarrúas con “Bandiños Band”

22:00 h: Praza de San Roque: “Brilli Brilli Glam Remember Party”

22:00 h: “Señora DJ”; 23:00 h: Leticia Sabater; 00:00 h: DMirón

(Prégase vir vestidos con temática oitenteira, brilli-brilli ou similar)

00:00 h: Pasarrúas con Bandiños Band

Sábado, 1 (Sábado de Entroido)

12:00 h ata a noite animarán as charangas “Pacharanga Sound León”, “Los Fugitivos”, “Achicoria” e “Patalea”

18:00 h: Concerto da Agrupación Musical da Limia na Praza Maior

21:30 h: Pz. San Roque: Orquestra Trébol.

00:00 h: Orquestra Trébol (Media Lúa do Toural)

00:30 h: Na Praza Maior “La Duendeneta”.

Domingo, 2 (Domingo de Entroido)

11:00 h: Alborada coa charanga “Bandiños Band”; 11:30 h: Alborada coa Agrupación Musical da Limia

12:00 h ate a noite animarán por turnos as charangas “Patalea”, “Achicoria”, “Los Fugitivos”, “Armando Jarana” e “Festicultores Troupe”.

12:30 h: Praza Maior: sesión vermú con “La Duendeneta”

Luns, 3 (Luns de Entroido)

12:00 h ate a noite Charangas “Armando Jarana”, “BBB”, “Achicoria”, “BCB” e “BB+”.

18:30 h: Praza Maior: Animación Infantil.

Martes, 4 (Martes de Entroido)

12:00 h ate a noite Charangas “BBB”, “BB+” e “Achicoria”.

17:00 h: Gran Desfile do Entroido 2025 (haberá 3000€ en premios)

19:00 h: Pz. San Roque: Orquestra Origen

Mércores, 5 (Enterro da Sardiña)

20:00 h: Solemne Procesión da Sardiña coa Agrupación Musical da Limia.

21:00 h: Lectura do testamento que deixou a Sardiña e posterior queima da Sardiña.

Sábado, 8 (Sábado de Piñata)

18:30 h: Xogo da Cucaña na Praza Maior.

20:00 h: Praza Maior: Verbena de Mascaritas e Capuchóns, co “Dúo Explosión” (Prégase vir con capuchóns ou disfraz de cara tapada).

Domingo, 9 (Domingo de Piñata)

12:00 a 15:00 e 18:00 a 22:00h: Charangas “Queloque’s” e “BCB”.

17:30 h: Praza Maior: Actividades infantís e obradoiros

19:00 h: Gran Orquestra Kubo.

VERÍN



Festa de Interese Turístico Nacional

Xoves, 20 (Xoves de Comadres)

Xuízo e Queima do Maragato

00:00 h: Os comadres percorrerán as rúas Montemaior (saída), Praza García Barbón,

Cruz, Praza da Mercé, Laureano Peláez, Irmáns Moreno, Deputación, Luís Espada,

Lisa e Praza García Barbón, ataviados cos seus característicos chapeus, bigotes e gabardinas, onde celebrarán o xuízo e a queima do Maragato.

00:00 h: Charanga Los Támeaga

01:00 a 3:00 h: Enjoy Eventos na Praza García Barbón

Domingo, 23 (Domingo de Corredoiro)

Pregón do Entroido

11:30 h: Popular concentración de Cigarróns con saída desde a Avenida de Castela,

Luis Espada, Rúa Alameda ata Praza da Alameda. Os freguesas e freguesas serán recibidos polos cigarróns á saída das igrexas

RR.PP Mercedarios e Parroquial.

Na Praza da Alameda:

12:30 h: A Gramola

13:30 h: Pregón do Entroido na Praza da Alameda (en caso de choiva na Praza García Barbón)

19:00 a 22:00 h: Orquestra M3

Charangas:

11:30 a 14:00 h: Los Támeaga, Noroeste, Abóbriga

17:00 a 20:00 h: Abóbriga e Noroeste

Xoves, 27 (Xoves de Comadres)

Recibimento da Raíña a Don Carnal

11:45 h: Desfile Infantil do Entroido.

Participan centros de ensino da comarca de Verín.

Recorrido: Desde o entroncamento de Canela Cega coa rúa Cabreiroá, rúas Deputación, Luís Espada e Lisa, para finalizar na Praza García Barbón.

No Cruceiro do Castelo de Monterrei (Camiño Real):

00:00 h: Descenso da comitiva polo camiño real, encabezada por Don Carnal.

No Barrio de San Lázaro (Casa do Escudo):

00:30 h: A Raíña recibirá a comitiva e dirixiranse a Praza García Barbón para dar a benvinda ás longas noites de festa no Entroido de Verín.

Na Praza García Barbón:

23:00 h Animación a cargo de Enjoy Eventos e A Gramola.

1:00 a 4:00 h: Orquestra Marbella.

Charangas:

11:30 a 14:00 h: Los Támeaga, MIL9, Vakapinta, Noroeste, TDB

21:00 a 1:00 h: Los Támeaga, MIL9, Vakapinta, Noroeste, TDB, Xuntaza

Venres, 28 (Venres de Compadreo)

19:00 h: Desde o barrio de San Lázaro saíran dous carros do compadreo cara á

rúa Irmáns Moreno, onde os entroideiros/as degustarán viño e o tradicional porco ao espeto.

Música da carrada: Festicultores Troupe. Na Rúa Irmáns Moreno

20:00 h.: Disco Móbil Space

21:00 h. Actuación Pappaquino

Na Praza García Barbón:

00:30h a 3:30 h: Orquestra Triunfo

Charangas:

11:30 a 13:30 h: Big Band

19:00 a 22:00 h: Big Band

Sábado, 1 (Sábado de Entroido)

11:30 a 14:00h: As charangas Vakapinta e Como queiras Band percorrerán as rúas.

Nas rúas de Verín

17:00 a 22:00 h: Circuito de charangas polas rúas de Verín: Montemaior, Lisa, da Cruz, prazas do Cigarrón e García Barbón,

Charangas: Vakapinta, Como Queiras Band, Bandiños Band e Los Támeaga.

Na Praza García Barbón -. Orquestras

19:00 a 22:00 h: Fania Blanco Show

00:30 a 3:30 h: La Oca Band

Domingo, 2 (Domingo de Entroido)

12:00 h: Gran desfile matinal ofrecendo aos asistentes un espectáculo cheo de música, cor, orixinalidade e humor que se prolongará ata a hora de xantar.

Na Praza García Barbón – Orquestras

19:00 a 22:00 h: Magos

00:30 a 3:30 h: Miramar

Charangas

12:00 a 14:00 h: Los Támeaga, Noroeste, El Tattoo, Vakapinta, TDB.

17:00 a 22:00 h: El Tattoo, Vakapinta, Noroeste e TDB

Luns, 3 (Luns de Entroido)

17:00 a 20:00 h: Pavillón Municipal de deportes. Entroido infantil.

Animación musical: Disco móbil Verbena. Obradoiros e actividades infantís No Centro da Terceira Idade da Alameda.

Baile de entroido coa charanga Xuntanza. Na Praza García Barbón – Orquestras

17:00 a 20:30 h: Disco Móbil Mono

20:30 a 22:00 h: JB Son

00:30 a 02:00 h: JB Son

Charangas

11:30 a 14:00h: Jalácticos e Xuntanza

17:00 a 20:00h: Jalácticos e Xuntanza

Martes, 4 (Martes de Entroido)

16:30 h: Rúas de Verín. O derradeiro desfile repleto de máscaras, disfraces e grandes doses de humor.

Na Praza García Barbón - Orquestras

19:00 a 22:00 h: Compostela

00:30 a 3:30 h: Trébol

Charangas

11:30 a 14:00 h - Vakapinta e Xuntanza

16:00 h (Desfile) – Vakapinta, Xuntanza,

Los Támeaga, Noroeste, MIL9

ENTROIDOS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA

OS XENERAIS DA ULLA

Sábado, 8 de febreiro (Presentación)
12:00 h: Acto de presentación do Entroido dos Xenerais da Ulla dos 8 Concellos. Casa Escola de Couso- A Estrada

Sábado, 15
20:00 h: Lucí (Teo) Campo da Festa

Domingo, 16
20:00 h: Raris (Teo) Campo da Festa

Sábado, 22
17:30 h: Lamela (Silleda) Campo da Festa
19:00 h: Vilanova (Vedra) Campo da Festa de Picón
19:30 h: Reis (Teo) Campo da Festa
20:00 h: Marrozos (Santiago de Compostela) Campo da Festa

Domingo, 23
16:30 h: Bama (Touro) Campo da Festa
17:30 h: Merza (Vila de Cruces) Campo da Festa
19:00 h: Angrois (Santiago de Compostela) Campo da Festa de Soutiño
19:30 h: Reis (Teo) Aparcadero Municipal de Pontevea

Venres, 28
12:00 h: Fonte Díaz (Touro) Fonte Díaz

Sábado, 1 de marzo (Sábado de Entroido)
18:00 h: A Bandeira (Silleda) Praza Juan Salgueiro
19:00 h: Aríns (Santiago de Compostela) Campo da Festa, r/ San Martiño
19:30 h: Santa María (Teo) Campo da Festa
19:30 h: Cacheiras (Teo) Explanada do Cemiterio de Cacheiras



Domingo, 2 (Domingo de Entroido)
19:00h: Couso (A Estrada) Campo da Festa
19:00 h: O Eixo (Santiago de Compostela) Carballeira do Souto, Santa Lucía
19:30 h: Cacheiras (Teo) Explanada do Cemiterio de Cacheiras
20:00 h: Sergude (Boqueixón) Campo

Martes, 4 (Martes de Entroido)
16:00 h: Fao (Touro) Campo da Festa
18:30 h: A Estrada. Praza da Feira

Sábado, 8 (Sábado de Piñata)
18:00 h. Arnois (A Estrada) Campo da Festa das Neves, Atranque
19:00 h. San Xíán de Sales (Vedra) Campo

Domingo, 9 (Domingo de Piñata)
12:00 h. Festa da Filloa de Lestedo (Boqueixón) Campo da Feira
19:00 h. Trobe (Vedra) Contorno do Local Multiusos de Trobe

Sábado, 15
12:00 h: Conxo (Santiago de Compostela) Cruceiro da Rúa Sánchez Freire
+info: <https://xeneraisdaulla.gal>

FESTA DA ANDROLLA E O ENTROIDO DE VIANA DO BOLO

Sábado, 15 de febreiro
12:00 h: Fulión feminino

Xoves, 20 (Xoves de Compadres)
20:00 h: Fariña, fuliós e actuación da charanga Alegría

Sábado, 22
11:00 h: Comparsa no recinto do santuario do Padre Eterno
17:00 h: Comparsa na aldea de Mourisca
20:00 h: Fariña e fuliós

Domingo, 23
19:00 h. Inauguración da mostra "O noso Entrudio, un cachiño de cada casa" na Sala de exposicións do concello

Xoves, 27 (Xoves de Comadres)
11:00 h: Desfile infantil do CEIP Bibei e fulión do IES Carlos Casares
20:00 h: Fariña e fuliós
22:00 h: Actuación Unión Phenosa

Sábado, 1 marzo (Sábado de Entrudio)
11:00 h: Comparsa en Seoane de Arriba
17:00 h: Comparsa na aldea Pradocabalos
20:00 h: Fariña e fuliós

Domingo, 2 (Domingo Gordo)
11:30 h: Desfile de fuliós, boteiros e carrozas dende a Toural ata María Pita
15:00 h: **Xantar da 53ª edición da Festa da Androlla**
19:00 h: Fuliós
20:30 h: Actuación da charanga Louband



Luns, 3 (Luns de Entrudio)
16:30 h: Desfile do fulión infantil dende a rúa Toural ata a Praza Maior
17:30 h: Xogos para nenos e nenas na Praza Maior e mini disco infantil
20:00 h: Fulión trapalleiro

Martes, 4 (Martes de Entrudio)
12:00 h. Saída dos fuliós e boteiros dende rúa Toural - Vermú no Cabo da Vila
16:00 h: Fariña e fuliós
23:30 h: Saída dos fuliós dende o pavillón municipal e entrada na Praza Maior
00:00 h: Queima dos lardeiros
00:30 h: Baile, concurso de disfraces e actuación dunha discomóvil

Mércores, 5 (Mércores de Cinsa)
18:00 h: Enterro da sardiña
19:00 h: Sardiñada e torradas no Cabo da Vila

ENTROIDO DE MANZANEDA

Ata o día 4 de marzo:
Os venres e sábados Rondas dos "Fuliós" en varias aldeas

Xoves, 20 de febreiro
Xoves de Compadres.

Sábado, 22
11:00 h: Fuliada da Mourela para acá en Cernando

Xoves, 27
Xoves de Comadres

Venres, 28
Ronda da cativada do CEIP Manzaneda e Casa Niño O Bicarelo

Sábado, 1 de marzo
17:00 h: Visita de Fuliós de Borruga e Cubeiros a Languillo

Domingo, 2 (Domingo Gordo)
17:00 h: Ronda de "Fuliós" en San Martiño

Luns, 3
Ronda dos Gusanitos pola vila de Manzaneda

Martes, 4 (Martes de Entroido)
11:30 h: Desfile de "Fuliós" pola vila de Manzaneda
14:00 h: Xantar popular

ENTROIDO DE COBRES

Sábado, 1 de marzo
10:00-19:00 h: Percorrido do Entroido polos Barrios
19:00 h: (horario orientativo) Chegada do Entroido á Carpa
22:00 h: Gran Festa de Apertura con: Trío Tic Tac e Grupo Claxon

Domingo, 2
10:00-19:00 h: Percorrido do Entroido polos barrios
19:00 h: (horario orientativo) Chegada do Entroido á carpa
22:00 h: Festa co Trío La Noche

Luns, 3
10:00-19:00 h: Percorrido do Entroido polos Barrios

19:00 h: (horario orientativo) Chegada do Entroido á carpa
21:30 h: Luns de Maghachos con: Orquesta Fuego e Dúo Prisma

Martes, 4
10:00-13:00 h: Percorrido do Entroido polos barrios
13:00 h: Sesión vermú amenizada por: Dúo Los Dinámico. Habará comida: polbo, churrasco,...

16:30 h: Corrida do Galo presentada por ISI da TVG. Bailará o ENTROIDO, habará Galo no Río e na Vara, concursos, predicadora Leti da Taberna, queima do galo e gran tirada de fogos de artificio.
Remate de Festa con Dj Gabry

ENTROIDO DOS FELOS DE MACEDA

Sábado, 8 de febreiro
20:00 h: Reparto de Mecos e Solta do Burro. Asociación de Comerciantes e Barullón de Carguizoi

Sábado, 15
Reinado entre Tioira e Carguizoi
16:30 h: saída Comitiva Reinado dende Carguizoi, acompañados de felos e músicos
17:00 Chegada a Tioira. Aira dos Patos.

Domingo, 15
16:30 h: Obradoiro Compadres e Comadres.Praza das Toldas (ANPA Maceda). Ao remate chocolatada

Venres, 21 (Venres de Desmadre)
20:00 a 23:00 h: Ruta tapa do Cocido de Entroido e foliada polos bares coas Xunqueireiras e Rebulir
23:30 h: Desmadre cos Festicultores

Sábado, 22
17:00 h: Fiadeiro en Carguizoi (Maceda)
Venres, 28 (Venres de Comadres)
20:00 h: Subida dos Carros coa charanga "A Felga"
21:00 h: Cea de Comadres A Dilixencia
00:00 h: Pasabares da Charanga "A Felga"

Sábado, 1de marzo
09:30 h: Saída autobús Felos
12:00 h: Pasabares da Charanga "A Felga"
17:00 h: Pasabares coa Charanga "Os Caliqueños"
20:00 h: Baixada da Marela
00:00h: Charanga "Mekánica Rolling Band"



Domingo, 2
09:30 h: Saída autobús Felos
12:00 h: Fiadeiro de Calvelo. Actuación de Davide Salgado e Fransy González

Luns, 3
18:00 h: Baixada Da Mareliña. Saída Castelo de Maceda (ANPA CEIP de Maceda) Ao remate chocolatada

Martes, 4
17:30 h: Desfile de Entroido
19:00 h: Actuación Orquesta

Venres, 7
20:00 h: Enterro Do Meco. Actuación Charanga "A Felga" Pinchada popular a cargo dos Taberneiros do Pobo
+info: <https://felosdemaceda.com>

ENTROIDOS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA

ENTROIDO DE VILARIÑO DE CONSO

Os festexos do Xoves de Compadres, e Xoves de Comadres, no que se colga o lardeiro e a lardeira na vila, pasan ao venres en Vilariño de Conso, para facilitar a asistencia dos que están fóra.

Venres, 21 (Cea de Compadres)

Cea no albergue entre os compadres (reserva: 669844940, antes do martes, 18 de febreiro).

Posteriormente un fulión percorrerá a localidade, co boteiro liderando o desfile de tambores, bombos e gadañas para entronizar o entroido.

Venres, 28 (Cea de Comadres)

Cea das comadres no albergue (apuntarse: 653565479, antes do 25 de febreiro)

A esta celebración súmase o desfile dos fulións das distintas parroquias, cada unha liderada polo seu boteiro e co seu ritmo único, composto pola unión da percusión de bombos e tambores co son das gadañas e outros apeiros de labranza.

Sábado, 1 de marzo (Sábado de Entroido - Festa do Cabrito)

É un dos días grandes, coa 36 edición da súa Festa do Cabrito.

Previamente, pola mañá, haberá un desfile de fulións, así como un concurso de carrozas. Trala comida, haberá discomóbil ata o peche da xornada.



Domingo, 2 (Domingo de Entroido)

Os fulións de Vilariño de Conso percorren na tarde-noite do domingo as localidades da zona, onde levan os seus ritmos liderados polos boteiros que, como embaixadores, solicitan o acceso a cada localidade.

Luns, 3 (Luns de Entroido)

19:00 h: Ronda do fulión pola vila.

20:30 h: Degustación de porco ao espeto. Pola noite concurso de disfraces e festa, co acompañamento musical de DJ Tariro.

Martes, 4 (Martes de Entroido)

O peche do entroido prodúcese na tarde-noite do martes. Ás últimas visitas entre fulións, séguelle a queima do lardeiro e lardeira na praza do pobo.

ENTROIDO DE LAZA

7, 14 de febreiro e 2 de marzo

(Venres de Folións)

23:00 h: foliós desde o fondo da Cerdeiriña, con chocos, fachóns e bombos, percorrendo as rúas da Cerdeiriña, A Picota, A Rúa, Souteliño e Cimadevila.

Xoves, 27 (Xoves de Comadres)

14:30 h: Folión dos nenos do CEIP O

Castiñeiro polas rúas de Laza.

Pola noite: Cea das Comadres e verbena co Grupo3.com.

Venres, 28 (Venres de Folión)

De tarde, pasacalles con "Tanto Nos Ten". 21:30 h: Cea do Cocido na carpa instalada na entrada de Laza. (Previa inscrición. acenlazados@gmail.com ou no 617940728)

00:00 h: Gran Folión, con saída desde o fondo da Cerdeiriña, con chocos, fachóns e bombos percorrendo as rúas da Cerdeiriña, A Picota, A Rúa, Souteliño e Cimadevila, ata altas horas da madrugada.

Sábado, 1 (Sábado das Cabritadas)

Pola tarde, pasacalles co grupo "Tanto Nos Ten" polas rúas de Laza, Fariñada na Praza da Picota e ao remate música a cargo do Grupo "LouBand".

Pola noite, cea dos mozos do pobo e ao remate Verbena co "Grupo 3.Com".

Domingo, 2 (Domingo da Estrea)

Pola mañá, Estrea Dos Peliqueiros e pasacalles coas Charangas "Europa" e "Os Kokacolas". Saída da Misa, Saúdo dos Peli-

queiros e Reparto Da Bica dos Peliqueiros na Praza da Picota.

A media tarde, Desfile das Carrozas Típicas co grupo tradicional "Os Varacuncas" e coa charanga "Felga".

Baile coa Charanga "Los Támea" e verbena coa actuación do Orquesta "M3 Show".

Luns, 3 (Luns Borralleiro)

Pasacalles cos grupos tradicionais "No Cómbaro" e "Varacuncas".

Pola mañá, FARRAPADA na Praza da Picota, Maragatos e Xitanada De Burros e, ao remate, charanga "Os Kokacolas"

Pola tarde, na Picota, Charanga "Europa. Ao remate BAIXADA DA MORENA, acompañada das formigas, toxos e cobelleiros. Reparto Das Cachuchas na Picota.

Animación musical cos "Festicultores" e verbena coa Orquesta, "Triunfo".

Martes, 4 (Martes de Entroido)

Pasacalles coa charanga "Os Kokacolas" e o grupo tradicional "No Cómbaro"

De maña, Saída Dos Peliqueiros Veteráns. Pola tarde, baile coa Orquesta "Alma Latina" e Testamento Do Burro, co reparto ós veciños.

Enterro do Entroido e Loito dos Peliqueiros.

Á noitiña, animación charanga "Bicoia".

Domingo, 9 (Domingo de Piñata)

Pulpeira na Praza da Picota e animación coa charanga "Bandaños Band".

ENTROIDO DE FOZ

Do 27 de febreiro ao 20 de marzo

Sala de exposicións do CENIMA, exposición de entroido dedicada á "YOU e CAXÉ".

Sábado, 15

12:00 h: Actuación das comparsas "Sin Xeito", "Farangullas", "Maloserá" e "Ruxe Ruxe" polas rúas da vila.

21:00 h: Apertura de portas para a Cea de Coroación da Raíña do Entroido.

22:00 h: Cea de Coroación da Raíña do Entroido.

Na rúa Atalaia DJ Alejandro Martínez e Mía Disco.

Xoves, 27 (Xoves de Compadres)

20:00 h: Inauguración da exposición do entroido de Foz dedicada á "YOU e CAXÉ".

21:30 h: Cea-Baile de Comadres na Sala Bahía de Foz. Organizada por Afammer e Asociación de Amas de Casa de Foz. Baile co Grupo Mar de Arousa.

Venres, 28

20:00 h: Pregón do Entroido 2025 a cargo de "YOU e CAXÉ".

20:30 h: Concurso de Coplas na carpa situada na rúa Atalaia.

Sábado, 1 de marzo

10:00 h: Chupinazo

12:00 h: Actuación da "Charanga Santa Compañía" polas rúas da vila.

15:00 h: Apertura do graderío

17:00 h: XLIII DESFILE DO ENTROIDO

Máis de 8.000 € en premios. Saída desde a zona portuaria e remate no Campo da

Cabana.

23:00 h: Apertura de portas

23:45 h: Actuación do Grupo Origen e Grupo La Bamba

01:30 h: Entrega de premios do desfile. (Entrada 6€)

Domingo, 2 (Día infantil)

17:00 h: Baile Infantil na carpa da rúa Atalaia coa música infantil de La Guagua

19:30 h: Entrega dos premios infantís.

20:30 h: TOUPORROUTOU. Organizado pola Asociación "Pomba do Arco" no Salón de actos do Colexio Martínez Otero.

Luns, 03 (Día do Farolillo)

17:30 h: Baile do Farolillo Infantil na Sala Bahía. Entrada infantil 3€ con farolillo incluído. Adultos gratis. Organiza Asociación Cultural O Feitizo.

23:00 h: Tradicional Baile do Farolillo na rúa Atalaia coa actuación da Orquesta Fania Blanco Show e DJ Alejandro Martínez (Entrada: 4€)

Martes, 04

17:00 h: GRAN BAILE INFANTIL na rúa Atalaia, organizado pola Asociación de Amas de Casa "Virxe do Carme" de Foz, con espectáculo de Maxia e inchables

Venres, 07 (Queima do Entroido)

20:30 h: Saída da comitiva fúnebre desde o Campo da Cabana ata a Praza Conde de Fontao e Queima do Entroido. Ágape para os asistentes (Rogamos aos asistentes que acudan de loito rigoroso).

ENTERRO DA SARDIÑA DE MARIN



Venres, 28 de febreiro

20:00 h: Charla "Entroidos do Morrazo" no Ateneo Santa Cecilia a cargo do filólogo José Manuel Dopazo Entenza, presentado por Queta Molas.

21:00 h: Os tradicionais Cantos de Taberna enchen as rúas de música e alegría. Grupos de cantores percorren bares e prazas interpretando melodías populares galegas.

Sábado, 1 de marzo

16:30 h: Desfile infantil pola Alameda, Real, Praza do Reloxo, Sol e Concepción Arenal, rematando no Parque Eguren (no caso de choiva, o desfile será cancelado).

17:00 - 19:00 h: Gran festa infantil no Parque Eguren con música, obradoiros, animación e degustación gratuita de filloas (con choiva, trasladarase ao Multiusos)

Domingo, 2

12:30 h: Animación de comparsas polas

rúas de Marín.

16:00 h: Concentración para o Desfile de Adultos na Praza do Regueiro.

17:00 h: Desfile de Disfraces e Carrozas. O percorrido inclúe a Praza do Regueiro, Avda. De Ourense, Praza de España, Almuíña, Jaime Janer e Concepción Arenal. (No caso de choiva, o desfile aprazarse).

Martes, 4

18:00 h: Concurso de Filloas no Ateneo Santa Cecilia.

Mércores, 5

Pola mañá colócase o velorio no Palco de Música.

17:00 h: Apertura ao público con pan de millo e viño

20:00 h: Saída da comitiva polas rúas ata a praza do Reloxo, onde se lerá a ladaíña, para devolver a continuación a sardiña ao mar no peirao do paseo Antonio Blanco.

Manzaneda

Estación de Montaña

Parque MULTIAVENTURA

¡Ven y viveela!

Servicio continuo de
Bus Lanzadera gratuito



Ida y vuelta desde las 09:00 h hasta las 18:30 h, entre la zona de estacionamiento de vehículos particulares y las taquillas, cafetería y apartamentos.

Esquí alpino

Snowboard

Escuela de esquí

Piscina climatizada deportiva

Piscina contracorriente

Circuito termal

Jacuzzi y sauna



Alojamiento

- Apartamentos: 34
- Albergue Bibei: 88 plazas
- Albergue Queixa: 66 plazas



Restauración


- Tapería A Tasquiña.
- Cafetería (servicio de 16 h).
- Restaurante autoservicio.
- Restaurante Os Arandos.
- Dos puntos de venta de pollos asados COREN.

Rocódromo indoor

Pickleball y tenis indoor

Pabellón polideportivo

COLABORAN



manzaneda.com

988 30 90 90